

Desencuentros que emocionan

Infantil Obra inesquecível e poética do taiwanés Jimmy Liao

Desencuentros ·
Jimmy Liao (texto e
ilustracións) ·
Barbara Fiore, 2008 ·
128 páx · 22 euros



Unha amiga de meu, andaluza ela, di que o gazpacho que lle fai a súa nai unhas veces leva allo e outras non; hai casos nos que llo fai con cogombro e casos nos que non o leva... pero a ela sempre lle gusta moitísimo o gazpacho da súa nai. Esta metáfora que ela utiliza para falar dunha outra obra deste autor, a min vále-me para esta: unha vez máis unha historia dun desencuentro, pero contada dun xeito tal que me emociona até o estarecemento, porque pouco importan os argumentos das obras fronte ao que lles é esencial para seren literatura: a linguaxe, o xeito no que están contadas.

Un mozo, músico el, e unha rapaza que é tradutora, viven no mesmo edificio. Cada mañá saen para as súas arelas, e sexan estas as que sexan, ela sempre tira para a esquerda e el sempre o fai para dereita. Pero hai un día no que se atopan, lonxe do edificio no que moran. Pasan a tarde xuntos e cando se despiden intercambian os números de teléfono e regresan á casa por camiños diferentes. Bótase a chover e ambos rapaces móllanse coma pitos... E até aquí podo contar, como se dicía nun vello programa de televisión.

Jimmy Liao é un autor taiwanés (Taipei, 1958) de grande éxito desde os anos noventa e do que Barbara Fiore ten editados outros dous libros non menos interesantes ca este. Ademais, para os interesados en coñecer o seu traballo de animación, propóño-lles isto: <http://es.youtube.com/watch?v=haUYU037Uml>, onde en-

contrarán unha obra, *A fish with a smile*, á que tamén lle é aplicábel a metáfora do gazpacho da miña amiga Olalla.

Desencuentros ábrese cuns versos de Wislawa Szymborska que din “Ambos están convencidos / de que os uniu un sentimento repentino. / É fermosa esa seguridade / pero a inseguridade é máis fermosa”. Esta vontade poética atravesa por completo a historia e a proposta narrativa, tanto no textual coma no gráfico. Fermosamente poética a primeira, fainos ver como os personaxes se procuran a través da súa relación coa cidade, co clima, cos outros habitantes. Vémolos e vémonos a transitar polas, tan súas coma nosas, soidades, polas inseguridades... Pero tamén a proposta plástica, de extraordinaria beleza e harmonía narrativa, está chea de alento lírico. Desta vontade narrativa tan forte sirva como exemplo a evolución dos cuartos de ambos protagonistas que se repiten e de cando en vez en dobres páxinas –ela á esquerda, el á dereita– e que van perdendo quentura a medida que a historia avanza, até a dobre páxina final, onde xa desapareceu calquera rastro de calidez agás o reverdecer das plantas que cerra o libro cunha chiscadela á esperanza. Ou ese xogo no texto do título, no que o prefixo se nos presenta máis débil có resto da palabra, coma un desafío aos demanchiños que rompen os fíos dos papaventos que elevan as nosas ilusións.

Unha obra inesquecível. Unha vez máis un álbum que, de primeiras, non se nos parece infantil, pero que cando o leamos, nesa segunda vez, cun rapaz ou cunha rapaza do noso afecto, veremos como o seu goce faise semellante ao noso nas palabras que deitamos na súa orella. **//Xabier P. DoCampo**